

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 139/2024, do 20 maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade establece no seu artigo 29 que: Á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndenlle impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, sinala no seu artigo 3 que leva por título *Universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, o seguinte:*

1. O Sistema universitario de Galicia está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, no se caso, aquelas que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia.

2. As universidades integrantes do SUG realizan o servizo público da ensinanza superior universitaria en Galicia mediante o exercicio da docencia, o estudo, a investigación, a creación, a difusión e a transferencia de coñecemento.

No seu punto 2 sinala que as universidades integrantes do SUG colaborarán cos poderes públicos no logro destes fins e obxectivos.

O artigo 2 da Lei 6/2013 sinala como obxectivos e fins propios do SUG os seguintes:

a) A creación, transmisión e difusión da cultura e os coñecementos e métodos científicos, técnicos, humanísticos e artísticos, así como a formación e educación integral de mulleres e homes para un desenvolvemento profesional acorde coa súa formación.



d) O fomento do pensamento crítico e da cultura da liberdade, a solidariedade, a igualdade e o pluralismo, e a transmisión dos valores cívicos e sociais propios dunha sociedade democrática. Prestarase especial atención ao fomento da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como á igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.

En decembro de 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e, sendo conscientes de que o Pacto de Estado debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron o 22 de xullo de 2022 no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade un acordo de renovación.

Así, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o dito Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do dito Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado no ano 2017, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

O Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027). recolle o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres e dedica a súa Subárea 1.2 a Educación en igualdade na cal se establecen diversas actuacións, entre elas: Garantir a realización de estudos e investigacións de xénero e de todas as formas de violencia contra as mulleres na formación universitaria, garantir a formación especializada obrigatoria, inicial, continua e permanente do persoal docente de todos os niveis, etapas e grados educativos, impulsando a aplicación dunha metodoloxía didáctica inclusiva e igualitaria que favoreza o cumprimento da súa labor como profesionais relacionados directamente coa promoción da igualdade de xénero, e



coa prevención e a detección de todas as formas de violencia contra as mulleres. Elaborar ou actualizar protocolos de actuación ante a violencia contra as mulleres no ámbito educativo.

O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017 de 290 a 461, e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital.

Recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes, medidas dirixidas a mellorar a resposta institucional a todos os niveis maximizando o uso dos recursos dispoñibles, a continuar e actualizar a formación en materia de violencia de xénero para todos os profesionais nos diferentes ámbitos que abrangue a violencia de xénero, a realizar estudos e estatísticas da violencia de xénero en todos os ámbitos: sanitario, españolas vítimas no exterior, estudos sobre a trata, violencia dixital.

Tanto as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero como as do Plan conxunto plurianual refírense a unha serie de actuacións en Educación que só poden ser levadas a cabo polas Universidades galegas, xa que a elas lle corresponde a ensinanza superior universitaria en Galicia e son as institucións que mellor coñecen a realidade da mocidade e teñen un trato máis cercano cos mozos e mozas galegos para poder desenvolver todas as actuacións de prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero así como son as únicas que tanto polos seus medios persoais como materiais poden levar a cabo estudos de investigación máis rigurosos acerca das condutas da mocidade en relación a violencia de xénero en todas as súas vertentes e, así mesmo non hai ningún tipo de discriminación xa que as ditas medidas serán obxecto de convenios de colaboración por parte das 3 universidades galegas coa Consellería de Política Social e



Igualdade que considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización por parte das 3 universidades das referidas medidas.

En concreto, a Universidade de Vigo se atopa en condicións de levar a cabo unha serie de medidas (6, 16, 20, 21, 34, 35, 47, 86, 127, 337, 353, 396, 418 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero) pois trátase dunha institución de dereito público a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Conta ademais coa Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), encargada de implementar o compromiso da Universidade de Vigo coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres.

Por todo o exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade estima oportuno asinar un convenio coa Universidade de Vigo para o financiamento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que figuran no dito Convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

